

COS PÉS NO AIRE

Fernández Paz, Agustín

Con *Cos pés no aire*, Agustín Fernández Paz sumou un novo premio á súa xa dilatada carreira de distincións e éxitos literarios, ó obter o Raíña Lupa*, na súa primeira edición, galardón de recente creación instituído pola Deputación Provincial da Coruña. Acompañando *Cos pés no aire*, e construíndo para ela un universo de imaxes e cores absolutamente suggestivo, atopamos as ilustracións de Miguelanxo Prado, nome punteiro da actual banda deseñada europea e, sen dúbida, un dos máis destacados ilustradores galegos actuais.

Nesta nova achega, Fernández Paz opta por un formato literario por el moi aprezaado —a novela curta— para nos presentar a historia, protagonizada por Daniel, un oficinista gris que un bo día descobre que ten a capacidade de levitar. A descuberta dessa inesperada facultade só será o primeiro banzo que o tire do fastío que tinxerá a súa vida desde hai algún tempo. Nun primeiro momento, suporá unha vivencia absolutamente desacoungante acompañada dun proceso físico de perda de peso —que non de adelgazamento— que dará paso a situacións comprometidas nas que o protagonista se sente privado da capacidade de controlar o desenvolvemento da súa vida. Momentos nos que, mesmo sen se decatar, descobre que non toca o chan; sorpresas en plena noite, cando acorda pegado ó teito do seu cuarto, primeiros encontróns coa lóxica oficial e científica, cando o médico co que decide consultarse lle ofrece expli-

cacóns banais para o seu suposto mal, nunha actitude totalmente afastada da comprensión que un paciente preocupado espera atopar no profesional no cal confía. Pouco a pouco, sen embargo, a angustia inicial dará paso a unha expectación crecente ó comprender o protagonista que a posibilidade de aboiar no aire lle abre cada vez maiores oportunidades, entre elas mesmo o soño sempre devedido polo home de poder voar.

Pero nunha sociedade que sinala, acurrala e procura a anulación das diferencias, dos diferentes, Daniel cōmprende axiña que a súa ten que ser unha experiencia vivida en soildade e con toda probabilidade, na clandestinidade. Así e todo, non ha tardar en decatarse de que non está só, e de que os disidentes do oficialmente establecido son moitos máis, toda unha greda de persoas aparentemente vulgares que, fóra da vista da maioría privada da capacidade de voar, organiza a súa vida por camiños propios, soñando coa chegada do dia no que facer o que ninguén fai non sexa obxecto de burla ou de condena.

A descuberta deste grupo de "irmáns na levitación" axudaralle a Daniel a empezar a aceptar a súa nova condición e a calibrar con verdadeira esperanza as vantaxes sobre os inconvenientes. Este cambio de actitude vital —que funciona de eficaz colorante da grisalla na que se sentía aprisionado— vai acompañado do afondamento na relación con Helena, unha moza dotada coma el da capacidade de levitar, coa que atopa unha complicidade especial que preludia o xurdimento do amor entre os dous.

Como xa acontecía en anteriores obras súas, Fernández Paz apostou decididamente por unha ruptura da convención á procura da esencia de humanidade anovada e anavadora que en cada persoa latexa. A parábola implícita en *Cos pés no aire* —que xa ensaiara con particular acerto noutra novela anterior, *O centro do labirinto*— lévaa

nos a entender que, mesmo na cultura globalizada que nos espera, a particularidade dos individuos e das minorías culturais fronte á masa anónima ten sentido e razón de ser, ata o punto de se converter na única maneira de poder sobrevivir con dignidade. A mesma mensaxe pode ser aplicada á actitude persoal dos homes e das mulleres tocados por unha diferencia —calquera que esta sexa—, os cales, fronte ós prexuízos ou ás imposicións, deben aprender a asumir esa diferencia para precisamente ser quen de empezar a trazar o mapa da propia felicidade. Cabo desta idea camiña o vitalismo crecente que emana de *Cos pés no aire*, toda ela escrita cunha contenpción e unha medida narrativa francamente salientables.

Non hai que esquecer, por outra banda, que estamos diante dun traballo que afonda na liña trazada por Fernández Paz en anteriores obras protagonizadas por personaxes que se saen do marco establecido e que, a través de camiños fantásticos, conseguem subverter a realidade asfixiante que os rodea. Este recurso á fantasía, tan habitual no autor, converteo nun mestre na construcción da difícil ensamblaxe que debe existir entre realidade e ficción para conseguir un todo unificado. A dosificación, o papel do narrador —habitualmente unha voz omnisciente en terceira persoa ou un eu protagonista— e a perfecta engranaxe das situacións inusuaís no plano do cotián, garanten sempre ese difícil equilibrio. Axudan tamén á realización dese tecido entre realidade e fantasía con resultados de verdadeira naturalidade, as doses de humor que o autor salfire ó longo dos textos. Trátase dun humorismo sutil e inzado de tenrura, sempre na procura de comprensión e abrindo portas cara á desdramatización. De feito, pódese considerar como unha constante case xeral na obra de Fernández Paz o respecto sumo cara á persoa, que se proxecta no tratamento que lles dispensa ós persoana-

xes e, por suposto, na súa actitude cara ó lector, ó que procura situar sempre nun plano de igualdade con respecto ó narrador, o que facilita a empatía tanto con este como coa historia que se está a contar.

Por outra banda, cómpre apuntar que a obra de Fernández Paz é unha das que máis se ten destacado nos últimos tempos na defensa e reubicación do lugar da muller na literatura infantil e xuvenil. Con el, as nenas e as rapazas conseguiron papeis protagonistas realmente excepcionais, tanto polo forza dos caracteres trazados como polo lugar que adoptan ocupar no desenvolvemento e resolución das historias. Non esquezamos tampouco a apostila decidida por unha visión ética da vida, na que o ben constitúe un salvoconducto que dota ós que o practican dunha forza e unha integridade especiais. Non estamos a falar, en ningún caso, de formulacións narrativas maniqueístas ou de exposicións literarias inzadas de moralismo, senón dunha apostila éticamente bo, que consegue vencer o mal ou todo o que pretende sementar destrucción.

BIBLIOGRAFÍA

- Neira Cruz, X. A., “*Cos péz no aire*”, *Mallasartes* 2, febreiro 2000.
Raña, R., “Aprendendo a voar”, *Guía dos libros novos* 16, marzo 2000.